



# ICAS

## Avogacía Compostelá



# 2022

## Memoria Anual



AVOGACÍA COMPOSTELÁ

## Iltre. Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

[www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org)

[icas@icasantiago.org](mailto:icas@icasantiago.org)

### **Sede principal**

Rúa de Eduardo Pondal, 4  
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 581 713

Fax: 981 581 132

### **Oficina xulgados**

Rúa de Viena, s/n, edif. dos xulgados - As Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 572 373

Fax: 981 572 361

# Índice

<b>Introdución</b>	4
<b>1 Organigrama</b>	5
1.1 Órganos de goberno	5
1.2 Comisións	6
1.3 Organización administrativa	6
<b>2 Ámbito territorial</b>	7
<b>3 Actividade colexial</b>	8
3.1 Xuntas xerais	8
3.2 Xuntas de goberno	9
3.3 Composición da Xunta de Goberno	10
3.4 Comisións	11
<b>4 Servizos colexiais</b>	12
4.1 Servizos telemáticos	12
4.2 Publicacións	14
4.3 Biblioteca	16
4.4 Servizo de atención a persoas consumidoras e usuarias	17
4.5 Servizo de mediación ICAS	17
4.6 Servizo de asesoramento lingüístico	18
4.7 Formación continua	20
4.8 Convenios subscritos	20
<b>5 Censo de colexiación</b>	22
5.1 Datos de colexiación	22
5.2 Número de incorporación e cota	22
5.3 Cotas periódicas (trimestrais)	22
<b>6 Resolución de queixas e expedientes</b>	23
6.1 Dilixencias de información previa	23
6.2 Expedientes disciplinarios	23
<b>7 Servizo de Orientación Xurídica</b>	24
7.1 Organización do SOX	24
7.2 Funcións do SOX	24
7.3 Comisión da quenda de oficio	25
7.4 Quedas de asistencia xurídica gratuíta: inscrición e sistema de distribución equitativa	26
7.5 Réxime de gardas	27
7.6 Táboas de datos	29
7.7 Balance económico	31
1. Gastos de persoal	31
2. Gastos en bens correntes e servizos	31
3. Gastos de investimento	32
4. Infraestrutura	32
<b>8 Informe anual de xestión económica</b>	33
8.1 Contas anuais 2022	33
8.2 Orzamento 2023	35

## Introdución

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modifica a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais e a Lei 11/2001 de colexios profesionais de Galicia. Este novo texto legal atribúelle ás organizacións colexiais a obriga de elaborar e publicar nas súas páxinas web unha memoria anual.

### «Artigo 11. Memoria anual»

1. As organizacións colexiais estarán suxeitas ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, cada unha delas deberá elaborar unha memoria anual que conteña, cando menos, a información seguinte:
  - a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da xunta de goberno en razón do seu cargo.
  - b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.
  - c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
  - d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
  - e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, caso de dispor deles.
  - f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.
  - g) Información estatística sobre a actividade de visado. Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.
2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.
3. O consello xeral fará pública, xunto coa súa memoria, a información estatística a que fai referencia o número un deste artigo de forma agregada para o conxunto da organización colexial.
4. Para os efectos de cumprir a previsión do número anterior, os consellos autonómicos e os colexios territoriais facilitaranlles aos seus consellos xerais ou superiores a información necesaria para elaborar a memoria anual.»

En cumprimento da antedita normativa elabórase a presente memoria, que será publicada na páxina web do Colexio ([www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org)).



# 1. Organigrama

## ▶ 1.1 Órganos de goberno

### ■ Xunta Xeral

O Colexio de Avogados realiza cada ano dúas xuntas xerais ordinarias, unha no primeiro trimestre e outra no último.

Ademais, poden convocarse outras xuntas xerais extraordinarias cando sexan debidamente convocadas por iniciativa do decano, da Xunta de Goberno ou dun número de colexiados e colexiadas exercentes que representen como mínimo un 25% do seu número total, os cales deberán de acreditar ante a secretaría do colexio a súa identidade ou representación.

Todos os colexiados incorporados con anterioridade á data da súa convocatoria, poderán asistir con voz e voto ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias que se realicen, pero o voto dos colexiados exercentes computará con dobre valor que o dos demais colexiados. O voto non é delegable.

Os acordos das xuntas xerais adóptanse por maioría simple e, despois de adoptados, son obrigatorios para todos os colexiados, sen prexuízo do réxime de recursos establecido nos estatutos.

### ■ Xunta de Goberno

A Xunta de Goberno deste colexio de avogados está composta polos seguintes membros:

Decano

*Excmo. Sr. D. Francisco Rabuñal Mosquera*

Deputados/as

*1ª Dª María del Carmen González Ferro (vicedecana)*

*2º D. Ramón Quintela Miramontes*

*3ª Dª Margarita Ruiz Núñez*

*4ª Dª Patricia López Arnoso*

*5º D. Jorge Eladio Romero Rivera*

Tesoureiro

*D. Javier Constenla Vega*

Bibliotecaria

*Dª María Jesús Vieito Mayo*

Secretario

*D. Manuel Francisco Martín García*

## ▶ 1.2 Comisións


- Comisións da quenda de oficio e do servizo de orientación xurídica (SOX)  
A Comisión da Quenda de Oficio reúnese con carácter previo ás xuntas de goberno.
- Comisión deontolóxica e disciplinaria  
Esta comisión reúnese cando haxa expedientes que tratar.
- Comisión de novas tecnoloxías  
Reúnese unha vez cada tres meses.
- Comisión do consello de redacción da revista colexial  
Reúnese unha vez cada tres meses.
- Comisión de participación colexial  
Reúnese por convocatoria.

## ▶ 1.3 Organización administrativa

- Secretario técnico-xerente  
*D. Manuel Arza Galán*
- Quenda de oficio  
*D<sup>a</sup> Ruth Louro Luaña*  
*D. David López López*
- Biblioteca e informática  
*D. Carlos Polo León*
- Asesoramento lingüístico  
*D. Martín Ramos Insua*
- Contabilidade  
*D<sup>a</sup> Rebeca Cotelo Ramos*
- Oficina dos xulgados  
*D. José Santiago Vilariño Vázquez*
- Escola de Práctica Xurídica / Máster de avogacía  
*D<sup>a</sup> Ana María Mosquera Pena*

## 2. Ámbito territorial

O ámbito territorial do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela comprende os partidos xudiciais de Santiago de Compostela, Arzúa, Negreira, Ordes e Padrón (Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, aprobado pola Orde do 10.10.2007 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).



Mapa dos partidos xudiciais por concellos

### DELEGACIÓNS PARTIDOS XUDICIAIS

#### DELEGADO P.X. ARZÚA

##### INSUA BEADE, FERNANDO

Nº colexiación: 863  
 Data incorporación: 21-9-89  
 PRAZA DE GALICIA, 5, 2º ESQ  
 15810 Arzúa  
 Teléfono: 981 500 964 - Fax: 981 500 964  
 insua.abogados@telefonica.net

#### DELEGADA P.X. ORDES

##### SOUTO MARTÍNEZ, MARÍA CARMEN

Nº colexiación: 1858  
 Data incorporación: 22-9-03  
 RÚA DE COMPOSTELA, 34, BAIXO  
 15680 Ordes  
 Teléfono: 616 959 351  
 mariaordenes@galicia.com

#### DELEGADA P.X. NEGREIRA

##### RAMOS TURNES, LEONOR

Nº colexiación: 1149  
 Data incorporación: 18-5-93  
 FERRADURA, 20, 1º  
 15840 Santa Comba  
 Teléfono: 981 880 018 - Fax: 981 880 018  
 leonor.abogados@outlook.es

#### DELEGADA P.X. PADRÓN

##### GRELA CAÍNZOS, MARÍA BEGOÑA

Nº colexiación: 2109  
 Data incorporación: 1-1-08  
 RÚA REAL, 20, 1º D  
 15900 Padrón  
 Teléfono: 981 812 477  
 begogrela@gmail.com

## 3. Actividade colexial

### ▶ 3.1 Xuntas xerais

#### Convocatorias

- Xunta xeral do 8 de marzo de 2022
- Xunta xeral do 27 de decembro de 2022
- Xunta xeral extraordinaria do 4 de outubro de 2022

#### ▪ Convocatoria de xunta xeral: 1ª de 2022

De acordo co establecido nos artigos 88 a 98 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do pasado 11.01.2022, convócase a Xunta Xeral (1ª de 2022) para o vindeiro 8 de marzo ás 20.00 h no salón de actos do ICA Santiago, conforme á seguinte orde do día:

#### Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral.
2. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
4. Proposicións.
5. Rogos e preguntas.

#### ▪ Convocatoria de xunta xeral: 2ª de 2022

De acordo co establecido nos artigos 88 e 91 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e segundo o acordo da Xunta de Goberno na sesión do 24.11.2022, convócase a Xunta Xeral (2ª de 2022) para o vindeiro 27 de decembro ás 13.00 h no salón de actos do ICA Santiago, conforme á seguinte orde do día:

#### Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2023
3. Rogos e preguntas

#### ▪ Convocatoria de xunta xeral extraordinaria

A Xunta de Goberno do ICA de Santiago, na sesión do 07.09.2022, a teor do disposto nas normas estatutarias de aplicación (arts. 94 a 98 do Estatuto colexial), adoptou o acordo de convocar a xunta xeral extraordinaria para o vindeiro 4 de outubro de 2022, ás



20.00 h en primeira convocatoria e, de non acadarse o quórum requirido (asistencia da metade mais un dos colexiados e colexiadas con dereito a voto —art. 96.a do Estatuto colexial), ás 20.30 h en segunda convocatoria, que terá lugar no salón de actos do ICA Santiago (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo), consonte a seguinte orde do día:

### Orde do día

Único. Aprobación, se procede, do novo estatuto colexial, adaptado ao Estatuto xeral da avogacía española (aprobado polo RD 135/2021 do 2 de marzo).

## ► 3.2 Xuntas de goberno

Datas en que tiveron lugar:

11	de xaneiro de	2022
2	de febreiro de	2022
17	de febreiro de	2022
8	de marzo de	2022
7	de abril de	2022
5	de maio de	2022
24	de maio de	2022
21	de xuño de	2022
13	de xullo de	2022
27	de xullo de	2022
7	de setembro de	2022
4	de outubro de	2022
25	de outubro de	2022
24	de novembro de	2022
20	de decembro de	2022

Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Altas e baixas
3. Escritos dirixidos ao Colexio
4. Expedientes / dilixencias de información previa
5. Ditames de honorarios
6. Acordos

## Retribucións dos membros da Xunta de Goberno

Os cargos de decano, tesoureiro, secretario, bibliotecario e deputados da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non son remunerados.

Estes cargos só teñen dereito ao reintegro de gastos en concepto de desprazamentos e manutención cando asistan a actos, congresos, cursos etc., en representación do colexio de avogados.

### ► 3.3 Composición da Xunta de Goberno

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela ten a seguinte composición:

— Decano:	<i>D. Francisco José Rabuñal Mosquera</i>
— Vicedecana, deputada 1ª:	<i>Dª María del Carmen González Ferro</i>
— Deputado 2º:	<i>D. Ramón Quintela Miramontes</i>
— Deputada 3ª:	<i>Dª Margarita Ruiz Núñez</i>
— Deputada 4ª:	<i>Dª Patricia López Arnoso</i>
— Deputado 5º:	<i>D. Jorge Eladio Romero Rivera</i>
— Tesoureiro:	<i>D. Javier Constenla Vega</i>
— Bibliotecaria:	<i>Dª María Jesús Vieito Mayo</i>
— Secretario:	<i>D. Manuel Francisco Martín García</i>

### ▶ 3.4 Comisións

- Reunións

- Comisión da quenda de oficio e servizo de orientación xurídica

Reúnese con carácter previo ás xuntas de goberno.

- Comisión deontolóxica e disciplinaria

Esta comisión reúnese cando haxa expedientes que tratar.

- Comisión de novas tecnoloxías

Reúnese unha vez cada tres meses.

- Comisión do consello de redacción da revista colexial

Reúnese unha vez cada tres meses.

- Retribución das comisións

A participación nas comisións non é remunerada.

## 4. Servizos colexiais

### ▶ 4.1 Servizos telemáticos

#### *Xanela única*

Este servizo foi posto en marcha en 2010. Pódese acceder a el a través da ligazón que hai na páxina web do colexio (<http://www.icasantiago.org>).

Servizos dispoñibles e operativos no portelo único.

- Censo de sociedades profesionais
- Convocatorias de xuntas ordinarias e extraordinarias
- Código deontolóxico
- Datos de contacto
- Información sobre o colexio de avogados
- Trámites dispoñibles do colexio
- Alta de colexiación
- Formular unha reclamación ou denuncia

#### *Punto de información catastral*

O 13 de decembro de 2007 asinouse o convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda e o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Dende esa data o colexio de avogados presta os servizos propios dun punto de información catastral.

O punto de información catastral permite a consulta e a certificación telemática da información incorporada á Base de Datos Nacional do Catastro, mediante o acceso á oficina virtual do catastro. Deste modo, facilítase a consulta e a solicitude de certificados catastrais aos colexiados e a toda a cidadanía.

Durante o ano 2022, no período comprendido entre o 01/01/2022 e o 31/12/2022, tramitáronse no punto de información catastral do colexio de avogados 21 consultas do catastro e expedíronse 14 certificacións entre colexiados e cidadáns que solicitaron o devandito servizo.

#### *Documentación do SOX*

No ano 2010 o Consello Xeral da Avogacía Española autorizou o persoal do colexio de avogados para acceder ao servizo de xestión de solicitudes de xustiza gratuíta. Dende ese momento as solicitudes son tramitadas na plataforma RedAbogacia, a través do programa de xestión SIGA que foi contratado polo colexio de avogados no ano 2011.

A adhesión a este servizo permítelle ao persoal do colexio poder solicitar os datos necesarios para tramitar os expedientes de xustiza gratuíta daquelas persoas solicitantes que o autoricen.

Os datos necesarios para a tramitación do expediente son recadados das seguintes administracións:

- AEAT
- Catastro
- TXSS
- INEM
- INSS

Durante o ano 2022, no período comprendido entre 01/01/2022 e o 31/12/2022, este servizo tramitou un total de 3.509 expedientes.

### **Oficina virtual**

A oficina virtual do colexio de avogados atópase na zona privada da páxina web do colexio (<http://www.icasantiago.org>), de acceso exclusivo para colexiados. Nesta zona da web os colexiados poden descargar diversos modelos e documentación de uso común para as xestións colexiais.

Os modelos dispoñibles na oficina virtual son os seguintes:

- Modelo de comunicación de intervención profesional
- Solicitud de volante para visita a prisión
- Modelo de xustificante da segunda asistencia
- Folla de encarga profesional
- Anexo I bis (solicitud de asistencia xurídica gratuíta)
- Modelo de solicitud de incorporación á cobertura de incapacidade temporal profesional
- Seguro de responsabilidade civil
- Declaración xurada para os efectos de retribución da quenda de oficio



## ► 4.2 Publicacións

### *Revista Avogacía Compostelá*

No ano 2022 publicouse un novo número (22º) da revista colexial *Avogacía Compostelá*. Todos os números desta revista permanecen accesibles ao público na páxina web do colexio, dentro do apartado "Revista Avogacía Compostelá" (<http://www.icasantiago.org/spip.php?rubrique34>).



**AVOGACÍA  
COMPOSTELÁ**

Nº 22 Outono 2022  
Revista dixital

Ilustre Colexio da Avogacía  
de Santiago de Compostela

**Emotivo acto de San Raimundo de Peñafort da Avogacía de Santiago**

**Quenda de violencia de xénero do colexio: empatía e formación**

Diego Espiñeira | M<sup>a</sup> de los Angeles Mera | M<sup>a</sup> Jesus Fernández | Luis López

**VIDA COLEXIAL**

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela aproba os seus novos estatutos

A formación continua do colexio recupera a súa presencialidade con varios cursos e xornadas

**AO PÉ DA LETRA**

Asimetría normativa e preterición práctica

Por José Ramón Freijeiro Otero  
Colexiado 1773 ICA Santiago

Entrevista a Juan José Martín Álvarez

Imaxe da portada do número 22 da revista *Avogacía Compostelá*

## Guía Colexial 2022

No ano 2022 publicouse un novo exemplar da guía colexial, que recolle un directorio dos profesionais colexiados residentes, exercentes e non exercentes adscritos ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

A guía presenta datos profesionais dos colexiados (datos persoais, colexiación, enderezo de despacho e outros datos de contacto). Ademais inclúe outras informacións de interese para o ámbito da avogacía: colexios de avogados e procuradores de Galicia, xulgados e tribunais de toda Galicia, sociedades profesionais e notarías, así como outras administracións e órganos de relación co ámbito do dereito.




Imaxe da portada da Guía Colexial 2022



### ► 4.3 Biblioteca

Durante o ano 2022 seguiu incrementando o fondo da biblioteca do colexio, ata un total de 2005 publicacións.

Así mesmo, desde 2020 está dispoñible para colexiados e colexiadas a Biblioteca Online de Sepín.



#### BASES DE DATOS / BIBLIOTECA ONLINE



#### BIBLIOTECA ABOGACÍA

##### BIBLIOTECA SEDE COLEXIAL

🔍 Acceso ao catálogo

⊕ Formulario de novas adquisicións

⊕ Regulamento

#### CATEGORÍAS

- CIRCULARES
- LEXNET / SERVICIOS TELEMÁTICOS
- SIGA
- OFICINA VIRTUAL
- QUENDA DE OFICIO
- BASES DE DATOS / BIBLIOTECA ONLINE
- TAXACIÓN DE CUSTAS
- FERRAMENTAS / CALCULADORAS
- SEDE ELECTRÓNICA XUDICIAL
- GUÍA COLEXIAL - REVISTA
- SERVIZO DE ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO
- TABOLEIRO DE ANUNCIOS
- OUTROS SERVICIOS
- MEDIACIÓN

#### ÚLTIMOS TWEETS

## ► 4.4 Servizo de atención a persoas consumidoras e usuarias

O Colexio dispón dun servizo de atención a persoas consumidoras e usuarias ao que calquera persoa interesada poderá dirixir os seus escritos por algún dos seguintes medios:

- A través do rexistro de entrada, que está dispoñible na secretaría do Colexio (rúa de Eduardo Pondal, 4).
- Por correo postal, ao enderezo: rúa de Eduardo Pondal, 4, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña
- Por correo electrónico: [icas@icasantiago.org](mailto:icas@icasantiago.org)
- Por fax: 981 581 132

### Tramitación de queixas

Unha vez presentado o escrito de queixa, este é elevado á xunta de goberno do colexio de avogados (que se reúne cada 15 días). A xunta de goberno, logo de examinar a queixa, pode acordar o seguinte:

- 1) O seu arquivo (parágrafo 3 do artigo 6.1 do Regulamento de procedemento disciplinario); no caso de considerar que a denuncia carece manifestamente de contido deontolóxico, é inverosímil ou non ten fundamento.
- 2) A apertura de dilixencias de información previa (artigo 7 do Regulamento de procedemento disciplinario). Neste caso dáselle traslado do escrito de queixa ao letrado denunciado para que no prazo de 10 días poida presentar alegacións. Así mesmo, noméase un relator de entre os membros da xunta de goberno.

Tras recibir as alegacións do letrado, poderá acordarse:

- o arquivo das dilixencias de información previa;
  - ou a apertura dun expediente disciplinario.
- 3) Remitir a queixa ao colexio de avogados competente; se se trata de actuacións realizadas ante xulgados que non pertencen ao ámbito territorial do colexio de avogados.

Todos estes acordos sonlle comunicados por escrito á persoa denunciante.

## ► 4.5 Servizo de mediación ICAS

Desde o ano 2014 o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dispón dun servizo de mediación para asuntos civís e mercantís, que se creou por acordo da Xunta de Goberno do 20.01.2014.

«A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do 20.01.2014, ao abeiro do establecido na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís e co obxectivo de impulsar a mediación no ámbito deste colexio de avogados, acorda por unanimidade o seguinte:

1. Constituír o Colexio como institución de mediación en asuntos civís e mercantís e crear o Servizo de Mediación do ICA de Santiago.
2. Crear un rexistro de mediadores para que todos os letrados coa correspondente formación nesta materia poidan solicitar a súa inclusión.
3. Aprobar as Normas reguladoras do Rexistro de Mediadores, o Regulamento do Servizo de Mediación do ICA de Santiago, así como os dereitos colexiais pola xestión e a administración do devandito servizo e a táboa de honorarios polos servizos profesionais dos mediadores.
4. Crear o ficheiro «Servizo de mediación e rexistro de mediadores do ICA de Santiago» e inscribilo na AEPD como ficheiro de carácter persoal de titularidade pública do ICA de Santiago (BOP da Coruña núm. 292 do 23.12.2005).»

Na páxina web do colexio pode consultarse a seguinte información sobre o funcionamento e a regulación deste servizo:

### Normativa colexial

Acordo de creación do Servizo de Mediación

Anexo I: custos do Servizo de Mediación

Solicitud de inscrición no Rexistro de Mediadores do Servizo de Mediación

Normas reguladoras do Servizo de Mediación do ICA de Santiago de Compostela

### Formularios

Solicitud de mediación no ámbito civil e mercantil

Acta constitutiva e de aceptación da mediación civil e mercantil

Acta de sesión informativa de mediación

Acta de sesión

Acta final da mediación

Cuestionario de satisfacción dos usuarios do SM-ICAS

### Rexistro de mediadores

Rexistro de Mediadores do SM-ICAS

### Normativa estatal

Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís

Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012 de mediación en asuntos civís e mercantís

## ► 4.6 Servizo de asesoramento lingüístico

O Servizo de Asesoramento Lingüístico nace no ano 2004 como froito do compromiso coa defensa do idioma propio de Galicia por parte da xunta de goberno do colexio de avogados compostelán. O seu mantemento fíxose posible grazas a sucesivas axudas puntuais por parte da Administración autonómica. A partir do ano 2007 o Colexio de Avogados e a Secretaría Xeral de Política Lingüística asinaron un convenio de colaboración que permitiu estabilizar o servizo e planificar mellor as súas liñas de traballo.



O servizo lingüístico conta cun técnico (licenciado en Filoloxía Galega) que é o encargado de deseñar e levar a cabo as accións que se desenvolven. Principalmente o servizo traballa sobre tres eixes: o asesoramento (tradución e corrección lingüística), a dinamización (accións destinadas a promover o uso da lingua entre o colectivo profesional) e a formación (en lingua galega e, especificamente, en linguaxe xurídica).

### Asesoramento lingüístico

Durante o ano 2022 o asesoramento centrouse na resolución de dúbidas terminolóxicas e na facilitación de información sobre recursos ou ferramentas de apoio lingüístico (dicionarios ou terminoloxías dispoñibles, textos legais existentes en galego e a súa localización etc.). Ademais, o servizo desempeñou o labor habitual de tradución e corrección dos escritos da avogacía e da xestión colexial.

Procedencia	Núm. documentos
Xestión colexial	1.082
Profesionais da avogacía	158
Escola de Práctica Xurídica	24

Táboa: Volume de tradución/corrección segundo a procedencia

### Dinamización

- Publicouse en galego a *Guía Oficial 2022* do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.
- Editouse un novo número da revista *Avogacía Compostelá* (22º), editada integramente en galego.
- Realizouse a décimo quinta edición da xornada “Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización”, que tivo lugar o día 7 de novembro e contou cos seguintes relatores: D. Juan Cástor Vázquez (comisario xefe do CNP de Santiago de Compostela); D<sup>a</sup> Antía Alvaredo Arias (LAX do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Santiago); D. Xosé María Rodríguez Fernández (avogado, colexiado 2087 do ICA Santiago).

### Formación

Leváronse a cabo as seguintes accións formativas:

- Entre os meses de maio e xullo impartíuse na modalidade de teleformación un curso de linguaxe xurídica dirixido aos e ás profesionais da avogacía e ao alumnado do Máster en Avogacía.
- Entreo os días 24 de outubro e o 8 de novembro realizouse o seminario Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega, que se impartiu na modalidade de teleformación.

## ► 4.7 Formación continua

Xornadas e cursos ofrecidos en 2022 polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela:

- Mesa redonda no Día Internacional da Muller: “Mulleres xuristas. Tres olladas sobre a igualdade” (8 de marzo)
- Xornada en liña “Estudo do proxecto de lei de reforma da Lei concursal” (3 de marzo)
- Cursos: “Contabilidade, práctica contable e análise de balances”, “Xestión laboral e contratación” e “Fiscalidade para a peme: IRPF, IVE e sociedades”, en colaboración co IECE (febreiro a marzo)
- Xornada en liña: “Reforma laboral 2022” (15 de marzo)
- Xornadas “Contratación administrativa: baixas temerarias e competencia na contratación local” (19 e 28 de abril)
- Xornada sobre responsabilidade civil (12 de maio)
- Curso de linguaxe xurídica galega (maio a xullo, teleformación)
- Xornadas “Cuestións prácticas sobre violencia de xénero e violencia sexual” (27 de outubro, 3, 8 10 e 15 de novembro)
- XV Xornada Xustiza e Lingua (7 de novembro)
- Curso en liña: “Repaso gramatical e ortográfico da lingua galega” (novembro)
- Almorzo de traballo para tratar as novidades tributarias para 2023 (13 de decembro)

## ► 4.8 Convenios subscritos

- Renovación do convenio de mediación penal coa Dirección Xeral de Xustiza
- Convenio entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico en materia de ocupación ilegal de vivendas
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para a xestión tributaria en nome de terceiros
- Convenio co Concello de Santiago de Compostela para asesoramento na vía previa administrativa e laboral e para a mediación en conflitos veciñais e en desafiuamentos


- Renovación do convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística en materia de normalización lingüística
- Convenios con editoriais xurídicas (La Ley, Sepin e Tirant lo Blanch) para coeditar manuais coas principais novidades legislativas a prezos reducidos
- Convenio con Atriga para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio coa AEAT para a realización para a realización declaracións e liquidacións de impostos en nome de terceiros
- Convenio con UTD Concursal, SLP, para a emisión de informes periciais en relación co cártesl de vehículos
- Convenio de colaboración con Abanca
- Convenio de colaboración con Caixabank
- Convenio con Iberdrola
- Convenios con Asisa e Adeslas
- Convenio con Caser Seguros para a contratación de póliza colectiva de saúde
- Convenio con Nueva Mutua Sanitaria del Servicio Médico
- Convenio con Clínica Dental Dublín
- Convenio con Pías Clínica Dental
- Convenio con Opticalia Casa de los Lentos
- Convenio con Los Ángeles Gas para descontos en carburantes
- Convenio co aparcadoiro de Área Central
- Convenio con Víaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU
- Convenio con Trasteros Tambre, SL, para alugueiro de espazos e arquivo

## 5. Censo de colexiación

### ► 5.1 Datos de colexiación

Actualizados o día 31/12/2022:

- Exercentes residentes: 820
- Exercentes non residentes: 19
- Non exercentes residentes: 520
- Non exercentes non residentes: 3



### ► 5.2 Número de incorporacións e cota

- Altas tramitadas durante o 2022: 26
- Cota de incorporación para exercentes: 300,00 €
- Cota de incorporación para non exercentes: 300,00 €


### ► 5.3 Cotas periódicas (trimestrais)

- Exercentes residentes: 109,20 €
- Non exercentes residentes: 43,12 €
- Exercentes non residentes: 43,12 €
- Exercentes residentes de 1ª colexiación e menores de 35 anos: bonificación do 50 % da cota xeral durante o 1º ano

## 6. Resolución de quejas e expedientes

### ▶ 6.1 Dilixencias de información previa


- Iniciadas en 2022 ..... 33
- Resoltas en arquivo ..... 26
- Resoltas en apertura expediente disciplinario ..... 4
- Pendentes de resolución ..... 3



### ▶ 6.2 Expedientes disciplinarios

Expedientes disciplinarios iniciados en 2022 ..... 7

- ED 1/2022. Iniciado a partir das DIP 23/2021  
Resolución: sanción por infracción grave
- ED 2/2022. Iniciado a partir das DIP 25/2021  
Resolución: sanción por infracción grave
- ED 3/2022. Iniciado a partir das DIP 30/2021  
Resolución: sanción por infracción grave
- ED 4/2022. Iniciado a partir das DIP 16/2022  
Resolución: sanción por infracción grave
- ED 5/2022. Iniciado a partir das DIP 9/2022  
Resolución: sanción por infracción grave
- ED 6/2022. Iniciado a partir das DIP 25/2022  
Resolución: arquivo
- ED 7/2022. Iniciado de oficio  
Resolución: arquivo





## 7. Memoria do Servizo de Orientación Xurídica

### ▶ 7.1 Organización do SOX

O Servizo de Orientación Xurídica (SOX) do Colexio de Santiago de Compostela está composto por 3 letrados/as e 4 administrativos/as.

Letrados/as:

- *Ramón Quintela Miramontes*, deputado da Xunta de Goberno e coordinador do Servizo de Orientación Xurídica
- *Patricia López Arnos*, deputada da Xunta de Goberno e coordinadora da quenda de violencia de xénero
- *Manuel Arza Galán*, secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago

Persoal administrativo:

- *Ruth Louro Luaña*
- *Carlos Polo León*
- *Rebeca Cotelo Ramos*
- *David López López*

### ▶ 7.2 Funcións do SOX

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela ofrece un servizo de asesoramento para as persoas que soliciten asistencia xurídica gratuíta. A finalidade deste servizo é orientar e canalizar as pretensións da cidadanía de cara a obter dereito ao beneficio de xustiza gratuíta. O devandito asesoramento terá, en todo caso, carácter gratuíto para as persoas solicitantes.

As funcións do SOX son as que se recollen no artigo 28 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e no artigo 22 da Lei de asistencia xurídica de gratuíta 1/1996 do 10 de xaneiro.

Ademais, o servizo de orientación xurídica desempeña as seguintes funcións:

- Informar as persoas interesadas sobre os requisitos necesarios para obter o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- Subministrarlles ás persoas solicitantes os impresos normalizados para solicitar o dereito á asistencia xurídica gratuíta e axudalas a cubrilos.
- Requirir as persoas interesadas para que acheguen a documentación preceptiva que debe presentar co formulario normalizado e para que emenden calquera deficiencia ou omisión.

- Analizar a pretensión principal da solicitude por se resultase manifestamente insostible ou carente de fundamento.
- Tramitar os expedientes consonte o previsto no capítulo IV do regulamento de asistencia xurídica gratuíta e coordinar cos colexios de procuradores as designacións de profesionais nos casos previstos.
- Utilizar a aplicación informática de xestión de xustiza gratuíta e realizar as operacións previstas para os colexios de avogados no artigo 9 do regulamento de asistencia xurídica gratuíta.
- Tramitar as renuncias ao cobramento de honorarios dos profesionais elixidos de forma libre nos supostos previstos na Lei de asistencia xurídica gratuíta.
- Notificarlle o nomeamento provisional de avogado e procurador á persoa solicitante.
- Tramitar de forma telemática a documentación do expediente de xustiza gratuíta:
  - Renda
  - Catastro
  - Vida laboral / certificado do INEM

O servizo de orientación xurídica garante o asesoramento e a atención xurídica especializada en materia de violencia de xénero. O persoal profesional que presta estes servizos posúe formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para a súa adscrición a eses servizos.

O servizo de orientación xurídica desempeña, ademais, as funcións de asesoramento e asistencia na presentación da solicitude de asistencia xurídica gratuíta previstas no artigo 52 da Lei de asistencia xurídica gratuíta respecto dos litixios transfronteirizos. No cumprimento destas funcións, agás que estimasen que a petición carece de modo manifesto de fundamento ou non entra dentro do ámbito de aplicación do mencionado artigo, requirirán das delegacións provinciais da consellería competente en materia de xustiza, cando sexa preciso realizala, a tradución a outra lingua da Unión Europea da solicitude e da documentación acreditativa. O custo desta tradución será asumido pola Administración.

Durante o 2022 o servizo de orientación xurídica atendeu unha media de 40-45 persoas solicitantes á semana.

### ► 7.3 Comisión da Quenda de Oficio

A comisión da quenda de oficio está composta por tres letrados:

- *Ramón Quintela Miramontes*, deputado da Xunta de Goberno e coordinador da Comisión da Quenda de Oficio.

- *Patricia López Arnosó*, deputada da Xunta de Goberno e coordinadora da quenda de violencia de xénero
- *Manuel Arza Galán*, secretario técnico do Colexio e secretario da Comisión da Quenda de Oficio.

As súas funcións son as seguintes:

- Reunirse unha vez ao mes.
- Tramitar escritos sobre insostibilidades, renuncias... Renuncias alegadas polos letrados das distintas quendas. Fundamentalmente refírense a incompatibilidades cos clientes ou por razón de conflitos de intereses.
- Tramitar e instruír escritos de queixa contra letrados da quenda de oficio.
- Valorar e admitir novas incorporacións ás quendas de oficio.
- Efectuar as convocatorias para a renovación do SOX e da propia comisión.
- Cuestións xerais relacionadas coa quenda de oficio. Estúdanse todas aquelas propostas e disposicións que lle afectan á quenda de oficio.
- Convocatoria e organización dos cursos de formación e especialización para o acceso ás distintas quendas de oficio.
- Control da repartición equitativa das quendas e do servizo de asistencia
- Resolver calquera incidencia.

#### ► 7.4 Quendas de asistencia xurídica gratuíta: inscrición e sistema de distribución equitativa

1. Quenda de Oficio, organizada por ordes xurisdicionais:

- Quenda civil - matrimonial
- Quenda penal
- Quenda administrativa
- Quenda laboral
- Quenda de violencia de xénero

2. Inclusión voluntaria. Solicitude por escrito que será aprobada pola Comisión da Quenda de Oficio.

Os requisitos son os seguintes:

- 3 anos de exercicio profesional
- Ser exercente residente
- Cursos de formación
- Alta no seguro de responsabilidade civil

### 3. Violencia doméstica

- Ademais dos requisitos anteriores, esíxese un curso específico de formación en violencia de xénero.

## ► 7.5 Réxime de gardas

1. Asistencia ao detido: componse de 3 letrados de garda por día e 2 de reserva semanal. Localizables por teléfono móbil.
2. Asistencia a vítimas de violencia de xénero: Lista especializada que está composta por un letrado de garda por día e un de reserva semanal.

### ***Medidas adoptadas para instrumentar o principio de unidade de actuación nos procedementos penais***

1. Asistencia ao detido: o letrado que presta a primeira asistencia nas dependencias policiais está obrigado a levar todo o procedemento ata o final.
2. Violencia de xénero: a asistencia letrada ás vítimas nos procedementos penais de violencia de xénero prestará o mesmo avogado dende que se requira a asistencia e ata a finalización do procedemento. Abrangue ademais todos os procesos penais, civís e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida, sen que sexa necesario tramitar máis ca un expediente de asistencia xurídica gratuíta ata que transcorra un ano dende a solicitude inicial. Este mesmo dereito asistiralles tamén aos causahabentes no caso de falecemento da vítima.
3. A asistencia letrada nos procedementos de axuízamento rápido de delitos a que a refire a Lei 38/2002 prestará un único avogado dende a detención, se a houbese, ou dende a primeira comparecencia, e entenderanse con el todas as fases do procedemento.

### ***Medidas adoptadas para o fomento da calidade do servizo e a obxectivización da boa práctica profesional***

Os profesionais inscritos nos servizos de asistencia xurídica gratuíta desenvolverán a súa actividade con liberdade e independencia de criterio, con suxeición ás normas deontolóxicas e ás regras e directrices que disciplinan o funcionamento dos servizos colexiais de xustiza gratuíta establecidos no Regulamento da quenda de oficio do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Os avogados e procuradores designados de oficio desenvolverán de xeito real e efectivo as actuacións encomendadas, de modo que a cidadanía reciba unha prestación de calidade. Así mesmo, en función das súas respectivas atribucións, proporcionaranlles aos seus defendidos ou representados información precisa e detallada sobre o estado do procedemento e das resolucións que se pronuncien.

Para garantir a accesibilidade aos seus servizos, dende a primeira actuación facilitaránlles aos seus defendidos ou representados o enderezo do seu despacho, teléfono e horario de atención profesional.

Para ampliar a información sobre o servizo á cidadanía tamén se poden consultar as páxinas web [www.justiciagratis.es](http://www.justiciagratis.es) ou [www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org).

Os letrados poden consultar dende a páxina web do Colexio, na ligazón AXG.net, a tramitación das súas designacións de xustiza gratuíta.

### **Aplicación dos requisitos de formación e especialización**

- 1. Requisitos xerais** para acceder ás listaxes de asistencia xurídica gratuíta (formación e/ou experiencia profesional previa):
  - Letrado exercente residente
  - 3 anos de exercicio profesional
  - Cursos de formación
- 2. Requisitos complementarios** de formación para acceder ás listaxes especializadas de asistencia letrada e defensa en xuízo:
  - Para acceder á lista de asistencia a vítimas de violencia de xénero, esíxese ademais formación especializada nesta materia.
  - O Colexio organiza todos os anos un curso específico sobre violencia de xénero.
- 3. Programación anual** dos cursos de formación para acceder aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.
  - Curso práctico: esixido a todos os letrados que soliciten a alta na asistencia ao detido ou quenda de oficio. Consiste nun curso práctico impartido polos letrados do Servizo de Orientación Xurídica e o secretario técnico do Colexio sobre aspectos prácticos de tramitación da xustiza gratuíta, asistencia ao detido e obrigas establecidas no Regulamento da quenda de oficio.
  - Curso específico sobre violencia de xénero: realízase un curso anual sobre violencia de xénero para todos aqueles letrados que desexen darse de alta na listaxe de asistencia a vítimas de violencia de xénero. Este curso é de carácter obrigatorio.
  - Formación continuada: en colaboración coa Escola de Práctica Xurídica, este Colexio realiza todos os anos diversos cursos sobre as novidades legislativas.

### **Tratamento das queixas pola actuación profesional e as solicitudes de indemnización por responsabilidade patrimonial**

Consonte o Regulamento da quenda de oficio deste Colexio e o Regulamento de procedemento disciplinario do Consello Xeral da Avogacía Española, o tratamento dos escritos de queixa é o seguinte:




1. A queixa deberá formularse por escrito (dende o 01/01/2010 tamén de forma telemática a través da xanela única).
2. Unha vez presentada, elévase á Xunta de Goberno, que acordará a apertura de dilixencias de información previa e daralle traslado ao letrado para que no prazo de 10 días presente alegacións. Así mesmo, acordará o nomeamento dun relator para as ditas dilixencias.
3. Unha vez estudada a denuncia e as alegacións do letrado, o relator propoñeralle á Xunta de Goberno o arquivo da denuncia ou a apertura do correspondente expediente disciplinario.
4. Se se acorda a apertura de expediente disciplinario, será a Comisión da Quenda de Oficio a que se encargue de instruír o expediente e presentarlle a correspondente proposta de resolución á Xunta de Goberno.

As reclamacións por responsabilidade patrimonial tramítanse de acordo co Real decreto 429/1993, do 26 de marzo e co regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.


## ► 7.6 Táboas de datos

- I. Solicitudes de xustiza gratuíta: 2.745
  - Tramitadas: 3.509
  - Con resolución favorable: 3.087
- II. Letrados inscritos nas listaxes de asistencia xurídica gratuíta:
  - Civil: 291
  - Laboral: 32
  - Contencioso-administrativa: 36
  - Penal: 287




### III. Letrados integrantes dos servizos de garda:

- Asistencia a persoas detidas: 280
- Violencia de xénero: 90



### IV. Procedementos realizados

- Procedementos penais: 1.542
- Procedementos civís: 800
- Violencia de xénero: 320
- Procedementos laborais: 146
- Procedementos contencioso-administrativos: 41
- Asistencias: 2.147



## ► 7.7 Balance económico

### 1. Gastos de persoal

Gasto total de persoal do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela no ano 2022:

- Salarios: ..... 223.059,09 €
- Cotizacións á Seguridade Social e mutuas:.... 62.393,32 €
- Total:..... 285.452,41 €

Persoal do Colexio destinado á xestión administrativa da quenda de oficio:

- *Ruth Louro Luaña* ..... (100% da xornada laboral).
- *Rebeca Cotelo Ramos* ..... (25% da xornada laboral).
- *Carlos Polo León*..... (50% da xornada laboral).
- *David López López* ..... (100% da xornada laboral).
- *José Santiago Vilariño Vazquez*..... (25% da xornada laboral).

Total de gasto de persoal do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela destinado á quenda de oficio: **56.575,43 €**

### 2. Gastos en bens correntes e servizos

Enerxía eléctrica, auga, combustible e outras subministracións

- Enerxía eléctrica: ..... 8.588,37 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):.... 2.147,09 €
- Auga: ..... 273,91 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):..... 68,48 €
- Material de oficina: ..... 3.554,18 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):..... 888,55 €

Comunicacións telefónicas, postais e telemáticas

- Teléfonos:..... 3.891,33 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):..... 972,83 €
- Correo postal:..... 4.001,91 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):.... 1.000,48 €

Vixilancia, limpeza e saneamento

- Limpeza e saneamento:..... 14.546,88 €
- Aplicable á quenda de oficio (25% do total):.... 3.636,72 €

Gastos de desprazamento e axudas de custo.

- Desprazamentos: -

Soporte informático

- Mantemento do programa informático: ..... 15.617,04 €
- Aplicable á queda de oficio (50% do total): .... 7.808,52 €

Total de gastos en bens correntes e servizos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela: **16.522,67 €**

### 3. Gastos de investimento

Cursos de formación: ..... 7.429,53 €

**Total de gastos (1 + 2 + 3): ..... 80.527,63 €**

### 4. Infraestrutura

Cantidade achegada pola Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza ao Ilustre Colexio de Avogados de Santiago por gastos de:

- Infraestrutura en 2021: **63.842,33 €.**
- Infraestructuras 2022: **70.495,95 €**

## 8. Informe anual de xestión económica

### ▶ 8.1 Conta xeral de gastos e ingresos

Gastos do período: 01/01/2022 a 31/12/2022

Gastos	845.920,49
2. Aprovisionamentos	74.902,66
600. Compras de mercaderías	17.557,45
601. Compras de materias primas	24.450,84
602. Compras doutros aprovisionamentos	32.894,37
3. Gastos de persoal	285.452,41
640. Soldos e salarios	223.059,09
642. Seguridade social a cargo da empresa	62.393,32
4. Outros gastos de explotación	474.184,45
620. Gastos en investigación e desenvolvemento do exercicio	73.181,16
621. Arrendamentos e canons	4.459,05
622. Reparacións e conservación	14.908,96
623. Servizos de profesionais independentes	11.443,86
625. Primas de seguros	233.106,94
626. Servizos bancarios e similares	1.520,29
628. Subministracións	12.753,61
629. Outros servizos	70.420,77
631. Outros tributos	1.791,01
6341. Axustes negativos en IVE de activo corrente	31.383,32
650. Perdas de créditos comerciais incobrables	3.500,00
654. Gastos reembolso goberno	7.583,79
655. Perdas de créditos incobrables	3.988,34
678. Gastos excepcionais	979,65
694. Perdas por deterioración de créditos por operacións comerciais	3.163,70
5. Amortización do inmovilizado	8.993,30
680. Amortización do inmovilizado intanxible	557,08
681. Amortización do inmovilizado material	8.436,22
A) Beneficio de explotación	47.258,00
B) Resultado financeiro (beneficios)	228,71
C) Resultado antes de impostos (beneficios)	47.486,71
11. Imposto sobre beneficios	2.387,67
6300. Imposto corrente	2.387,67
D) Resultado do exercicio (beneficios)	45.099,04

## Ingresos do período: 01/01/2022 a 31/12/2022

## HABER EXERCICIO 2022

Ingresos	891.019,53
1. Importe neto da cifra de negocios	34.005,26
705. Prestacións de servizos	34.005,26
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo	666.094,50
721. Cotas	653.652,13
723. Cotas	12.442,37
5. Outros ingresos de explotación	186.700,08
740. Subvencións, doazóns e legados á explotación	174.409,69
754. Ingresos por comisións	4.383,62
755. Ingresos por servizos ó persoal	6.146,00
778. Ingresos excepcionais	1.760,77
6. Outros gastos de explotación	3.990,98
794. Reversión deterioración créditos operacións comerciais	3.990,98
A) Perda de explotación	0,00
10. Ingresos financeiros	228,71
769. Outros ingresos financeiros	228,71

## ▶ 8.2 Orzamento 2023

<b>GASTOS</b>	<b>805.308</b>
<b>I.- SERVIZOS E ACTIVIDADES</b>	<b>284.455</b>
<b>1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA</b>	<b>23.866</b>
1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio	20.866
1.1.b. Actos corporativos non organizados polo Colexio	3.000
<b>1.2 OUTRAS ACTIVIDADES</b>	<b>238.089</b>
1.2.b. Seguro responsabilidade civil	226.859
1.2.c. Outros seguros - accidentes queda oficio	5.000
1.2.d. Póliza decesos	3.730
1.2.e. Primas de seguros (local e seguro comunidade)	2.500
<b>1.3 OUTROS SERVIZOS</b>	<b>22.500</b>
1.3.a. Congresos e outras actividades	9.500
1.3.b. Formación, xornadas e cursos	10.000
1.3.c. Bolsas Escola de Práctica Xurídica	3.000
<b>II.- GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN</b>	<b>152.201</b>
<b>2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES</b>	<b>22.000</b>
2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab.comunicación	14.000
2.1.b. Letrados: mediación penal e vía previa	8.000
<b>2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL</b>	<b>33.780</b>
2.2.a. Reparacións e conservación (limpeza e outros)	17.000
2.2.b. Sistemas de seguridade	480
2.2.c. Auga e outros	300
2.2.d. Electricidade	16.000
<b>2.3 GASTOS OFICINA</b>	<b>26.850</b>
2.3.a. Material de oficina	5.000
2.3.b. Mantemento informático (SIGA e Regtel)	16.850
2.3.c. Gastos diversos	2.500
2.3.d. Material informático	2.500
<b>2.4 COMUNICACIÓNS</b>	<b>9.736</b>
2.4.a. Mensaxería e correos	4.700
2.4.b. Telefonía	4.436
2.5.d. Outros	600



<b>2.5 ARRENDAMENTOS</b>	<b>3.500</b>
2.5.a. Renting	3.500
<b>2.6 BIBLIOTECA</b>	<b>49.735</b>
2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros)	2.500
2.6.b. Biblioteca on line e bases de datos biblioteca	9.060
2.6.c. Bases de datos - web	38.175
<b>2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS</b>	<b>6.600</b>
2.7.a. Guía colexial	3.000
2.7.b. Carné colexial	1.000
2.7.c. Adquisición de togas - limpeza	1.000
2.7.d. Revista colexial	600
2.7.e. Páxina web - mantemento	1.000
<b>III.- PERSOAL</b>	<b>294.361</b>
<b>3.1. GASTOS DE PERSOAL</b>	<b>294.361</b>
3.1.a. Soldos e salarios	199.359
3.1.b. Seguridade Social	66.516
3.1.c. Gastos de persoal EPX	28.486
<b>IV.- OUTROS GASTOS</b>	<b>1.791</b>
<b>4.1. OUTROS GASTOS</b>	<b>1.791</b>
4.1.a. Contribucións e impostos	1.791
<b>V.- TRANSFERENCIAS A CONSELLOS - CENSUS</b>	<b>72.500</b>
<b>5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS</b>	<b>72.500</b>
5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española	52.800
5.2. Censo Consello Avogacía Galega	19.700

<b>INGRESOS</b>	<b>805.308</b>
<b>I.- INGRESOS PROPIOS</b>	<b>777.608</b>
<b>1.1 PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>	<b>140.358</b>
1.1.a. Ditames e informes	4.000
1.1.c. Cursos e xornadas	1.000
1.1.d. Outros ingresos	8.000
1.1.e. Cotas seguro resp. civil	126.858
1.1.f. P.I. Catastral	500
<b>1.2 COTAS COLEXIAIS</b>	<b>530.250</b>
1.2.a. Cotas de incorporación	5.400
1.2.b. Cotas periódicas	452.350
1.2.c. Cotas censos CXAE e CAG	72.500
<b>1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONS</b>	<b>107.000</b>
1.3.a. Infraestrutura quenda de oficio e SOX	72.500
1.3.b. Subvencions Xunta de Galicia (galego, mediación e penal)	30.000
1.3.c. Outras subvencions (Concello – vía previa / IGVS)	4.500
<b>II.- INGRESOS FINANCEIROS</b>	<b>5.500</b>
<b>2.1. INTERESES CONTA CORRENTE / MUTUALIDAD</b>	<b>5.500</b>
<b>III.-OUTROS INGRESOS</b>	<b>22.200</b>
<b>3.1. VARIOS</b>	<b>21.100</b>
3.1.a. San Raimundo	8.000
3.1.b. Outros ingresos (Mutua/vLex/AON)	10.600
3.1.c. Códigos (venta de códigos e outros)	2.500
<b>3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE</b>	<b>1.100</b>
3.2.a. Publicidade guía colexial e web	1.100

## NOTA DE PUBLICACIÓN

A *Memoria anual 2022* do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela foi aprobada pola Xunta de Goberno na sesión do 28.03.2023 e publicada na páxina web desta institución ao día seguinte, en cumprimento do establecido no artigo 5.11 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e no artigo 11.g.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais

